



Subdirección Xeral de Xestión da PAC
Servizo do Sector Lácteo e Mercados Agrícolas
Rúa dos Irmandiños s/n - Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela

NOTA INFORMATIVA SOBRE AS AXUDAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE FROITAS FRESCAS E LEITE ESCOLAR. CURSO 2021/2022

QUEN PODE SOLICITAR A AXUDA

Para o vindeiro curso 2021/2022 hai un cambio significativo, os solicitantes da axuda serán **OS CENTROS ESCOLARES** que pertencen aos niveis de ensino de educación infantil, primaria e secundaria, que comprenderá a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional de grao medio, que teñan a súa sede en Galicia.

PRODUTOS QUE SE SUBVENCIONAN

- Froitas frescas e castañas e
- Leite líquido de consumo e as súas versións sen lactosa.

PERÍODOS DE SUBMINISTRACIÓN, CALENDARIO DE DISTRIBUCIÓN E RACIÓNS

1) A subministración nos centros escolares farase durante os seguintes períodos de reparto autorizados:

- 1º período: de novembro de 2021 a febreiro de 2022 (ambos incluídos).
- 2º período: de marzo a xuño de 2022 (ambos incluídos).

A distribución de froitas frescas e castañas levarase a cabo, para cada un dos períodos, durante 10 días lectivos consecutivos.

A distribución de leite líquido de consumo levarase a cabo, para cada un dos períodos, durante un mínimo de 20 días lectivos consecutivos.

2) A ración máxima de consumo por alumno/a e día é de:

- a) Froitas frescas e castañas: 0,17 kg.
- b) Leite líquido de consumo e as súas versións sen lactosa: 200 cc.

AXUDA PARA A SUBMINISTRACIÓN E A DISTRIBUCIÓN DE PRODUTOS

Os importes máximos subvencionables son os establecidos no Anexo I da resolución de convocatoria da axuda, cun incremento do 30% para produtos avalados por réximes de calidade (columna da dereita do Anexo).



Subdirección Xeral de Xestión da PAC
Servizo do Sector Lácteo e Mercados Agrícolas
Rúa dos Irmandiños s/n - Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela

En concreto no caso do leite, para atopar facilmente este produto a un prezo de mercado que non supere os importes da columna central do Anexo I, recomendamos elixir leite amparado nun Réxime de Calidade coma é o caso do leite con selo "Galega 100%" pois neste caso o importe subvencionable é maior (o da columna da dereita do Anexo I) e, ademais, estamos apoiando aos nosos gandeiros.

COIDADO!!!: Estes importes correspóndense coa base impositiva, hai que engadir-lles o importe correspondente ao IVE (4 %) cando se calcule a axuda a solicitar.

PRESENTACIÓN E TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN E AXUDA (Código do procedemento MR265B)

É OBRIGATORIO SOLICITAR OS DOUS GRUPOS DE PRODUTOS (FROITAS E LEITE).

Previamente a presentación da solicitude, gravaranse na aplicación informática **LEFRES** os datos relativos á previsión de reparto de froita e de leite, de acordo coas instrucións para a gravación que xuntamos. Ter en conta:

Para acceder á aplicación é imprescindible estar dado de alta como usuario, e debe ser unha persoa física, autorizado polo centro escolar, con certificado electrónico (ou Chave 365 da Sede Electrónica da Xunta) en vigor.

As persoas autorizadas dos centros escolares xa constan como usuarias na aplicación, excepto que se produciran cambios recentes. Neste caso, para darse de alta hai que facer unha solicitude a través do procedemento PR004A da SEDE ELECTRÓNICA da Xunta de Galicia accedendo a esta páxina web: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>

PASOS:

No formulario da solicitude hai que cubrir os datos de identificación e representación e completar os seguintes recadros que están en **negriña** co texto que está en cor **vermella**:

No **ASUNTO RELACIONADO**: **Solicitude de alta na aplicación informática LEFRES CIDADÁ.**

En **EXPON**: **Que para poder presentar a "Solicitude de autorización e axuda para a subministración de produtos aos centros escolares (procedemento MR265B)" preciso ter acceso á aplicación informática LEFRES CIDADÁ.**

En **SOLICITA**:

O rexistro do usuario con NIF: XXXXXXXXX e NOME: XXXX XXXX XXXX, asociado ao centro escolar, con NIF: XXXXXXXXX e DENOMINACIÓN: XXXX XXXX XXXX.

En **DESTINATARIO** no primeiro cadro elixir á **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL** e no segundo cadro elixir o **FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA).**

A continuación, premer no botón "**Gardar**".

Na seguinte pantalla, no apartado "**Outra documentación**" non se precisa axuntar ningún documento.

Por último, premer no botón "**Continuar**" para acceder á última pantalla do procedemento de presentación.

Rematada a gravación na aplicación LEFRES, xéranse dous **códigos de peche, un para a froita e outro para o leite** que se requiren para cubrir os Anexo II de froita e



Subdirección Xeral de Xestión da PAC
Servizo do Sector Lácteo e Mercados Agrícolas
Rúa dos Irmandiños s/n - Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela

de leite da solicitude de autorización e axuda na Sede electrónica da Xunta de Galicia.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. O código deste procedemento é **MR265B**.

Na Sede electrónica da Xunta de Galicia, no procedemento MR265B teñen que:

- Presentar un Anexo II xunto co Anexo II-A, de aceptación de compromisos e certificación de datos do centro escolar, para o grupo de produto de froitas frescas e castañas e tamén
- Presentar un Anexo II xunto co Anexo II-B, de aceptación de compromisos e certificación de datos do centro escolar, para o grupo de produto de leite líquido de consumo.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para presentar as solicitudes de autorización e axuda remata o **20 de setembro de 2021** (incluído). Recomendamos non agardar á última semana para realizar todos os trámites por se xorde algún imprevisto.

***IMPORTANTE:**

Unha vez que lle chegue a notificación da resolución de adxudicación da axuda, o centro escolar elixirá ao provedor de froita e/ou de leite ao que lle mercarán os produtos, para elo deberá solicitar un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores para a froita e para o leite. Deberán avaliar, alomenos, a independencia das ofertas, que os elementos das ofertas sexan comparables, así como a claridade e o detalle da descrición das mesmas. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficacia e economía, debendo xustificarse expresamente a elección cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa, así como, no seu caso, na inexistencia de suficientes provedores.

Para xustificar o gasto no seu momento, xunto coa SOLICITUDE DE PAGAMENTO, achegará as tres ofertas solicitadas, as facturas de compra e unha proba do seu pagamento.